

## EU FALEI CON MEDIANOITE

A vella igrexa de Tormaleo, co seu campanario en frontón, os seis esteos termendo da viseira e a ventaniña que se debruza no lousado, prende en ti un daqué<sup>1</sup> misterioso que nunca chegarás a explicar.

—Bo sitio para acampar... —insinuei cando mirabámo-la foto.

O que si me pareceu unha animalada foi menternos nesta aventura coa pandilla do Soni, pero non podía prevalece-la miña opinión sobre a de todos, por moi capitán que fose. E penso iso porque existe unha xenreira visceral entre as dúas bandas.

Alí permanecía, acochada trala curva, outeando os brancos panos das montañas, coa historia repousando no sufrido mesado e a música chiona dos vencellos aniñando nos antigos muros. Unha cousa tiña ben clara: non regresaría, coma da primeira vez, sen a ver por dentro e descubrir que oculto alguén se asoma á xaneliña que se debruza no lousado.

—Nosoutros para este lado da porta e vosoutros para ese —dixo Soni, ó tratarmos de acomoda-los sacos de durmir. E pareceume unha prudente idea para evitar enfrontamentos.

—É a hora dos pratiños voadores soltou cerca da medianoite mirando cara ó ceo estrelado, despois de tocármo-la guitarra e contar unha morea de historias arrepiantes.

Aínda que a nosa Lena quixo restarlle importancia á proposta do outro capitán, fíxenlle disimuladamente un aceno para que seguise a corrente, e pouco despois toda a expedición investigaba entre a infinidade de vagalumes do firmamento,

---

1 Daqué: algo.

tratando cada equipo de acumular un número maior de precisións.

—¡Hora de E.S.! —insinuei ó ver que deramos en divagar sobre seres estraños, luces nocturnas, experiencias “en terceira fase” e outras lindezas que acaban por arrepiarte.

E.S. é “Expedición Secreta”, nome que lles damos ás saídas solitarias en plena noite. Cadaquén vai regresando ós sacos de durmir una vez descobre algo interesante para sorprende-los amigos de mañá cedo.

Dado que nos era un territorio pouco coñecido, permitiuse excepcionalmente ir en compañía e houbo quen se xuntou de a dous e mesmo de a tres, pero eu preferín arriscarme e ir só.

A lúa envolvíame cun fresco prateado, que facía máis misterioso o tesouro dourado do campanario e debuxaba na xaneliña luces e miradas axexantes. Desaparecín por unha corredeira para distrae-los compañeiros e agardei un bo anaco antes de voltar onda as paredes de cachotes. Estaba seguro de que o tesouro noitarego me esperaba nas fírgoas dos muros, debaixo dunha lousa, ou quizais accedendo a un escuro soto por certa trapa camuflada.

Ó ver que se esvaían ó lonxe os pasos e asubíos silandeiros dos expedicionarios sentínme libre para emprende-la miña particular andadura.

A lúa continuaba debuxando bordados en almafí claro nos bidoeiros. A curuxa bufaba e berraba desacougada nun cocho retirado. E o meu corazón galopando na caixa do peito, mentres o luar me sinalaba pedra a pedra co seu laser.

“Vou ter que gabear deica a ventá” pensei, coidando que sería

o sitio máis vulnerable da fortaleza. Pero ó chegar á porta as cousas cambiaron: unha man invisible abriuna misteriosamente, ó tempo que se espreguizaban as bisagras renxendo sobre os porlóns.

Aínda ben non pasei ó interior, a porta volveuse cerrar sixilosa e deixoume atrapado na escuridade. Tan só podía distinguila raiola conversando cos vidros da ventá. Acendín un misto e outro, pero o único que conseguía era queima-las uñas; así que agardei a que os ollos se me afixesen ás tebras para diferencia-las figuras de sombras e penetrar na inqueda medianoite baixo a atenta mirada dos santos do retábulo.

Batín no chan lousa por lousa, petei nas paredes pedra por pedra, axexei con ollos de gato detrás das imaxes, e non vin nada que merecese a pena. Pero, a pesar diso, eu sentíame observado por algún recóndito ollo que non me perdía de vista e que me aceleraba os latexos máis e máis. E cando daba a esculca por finalizada, o sorriso prateado da lúa descubriume de pronto este intrigante rostro, que me produciu un tremendo sobresalto.

Unha vez recuperado da súpeta impresión e de miralo fixamente, pareceume que non era a primeira vez que vía estas indescifrables meniñas entre o escudo cabaleiresco e a data expresada en anos luz. Fíxate ben: ¿será un rei? ¿será un felino? ¿ou é o mesmo retrato da Lúa misteriosa? Estas e outras preguntas rodáronme pola cabeza; pero do que si estou certo é de que son os mesmos ollos que miran diariamente pola fiestriña que se debruza no pendello.

Abofé que con este descubrimento ben podía quedar de

campeón na E.S., que arestora estaría de sobra rematada, cos expedicionarios durmindo en procesión ó longo do pórtico dos seis esteos.

Non quixen permanecer moito tempo diante a enigmática mirada e intentei, inutilmente, abri-la porta. ¿Quen a pechara? ¿Quen a abri-la? Eran os novos interrogantes que se me viñan á cabeza. Pero como non me atrevía a desperta-los compañeiros, acurruqueime nun cantón, procurando esquece-los ollos axexantes do Rei-Felino-Lúa.

Tormaleo, Tormaleo,  
príncipe dos máis queridos,  
namorárase da Lúa  
unha noite de solsticio.

—Lúa, baixa do teu souto  
para casares comigo.

Por un camiño de estrelas  
a Lúa vai de domingo,  
penteada de azucenas,  
tules bordados por cinto.  
A Lúa, que va! de festa,  
deixa arrecendos nos bidos;  
o Príncipe das Montañas  
en itiar é convertido.

Respondín emocionado á chamada da música subindo pola

inacabable escada que conducía ó campanario e xusto cando puña as mans no último chanzo, un descomunal pé frío con uñas de gato trepoumas ameazante para impedir que continuase o ascenso:

—¿Quen é o miserable que ousa profana-lo sagrado recinto do Rei Luar e da Princesa de Tul? —increpoume.

—Son... son... son o capitán dos “Arroases”; e veño en son de paz. Non é intención miña profanar ningún lugar. ¿E ti quen es? — atrevínme a dicir sen ergue-la vista.

—Eu son o espírito que garda a medianoite, mentres o rei e a raíña vagan cos exércitos pola ruta da montaña.

O xenio da medianoite, cunha voluminosa cara de gato montés, viña por fin confirma-las sospeitas sobre o daqué<sup>2</sup> misterioso que se debruza a cotío na ventaniña da igrexa.

—Se algún humano ousase mirar fixamente os monarcas de luz, quedará enfeitizado para sempre —comentou Medianoite.

Entón acordeime dos ollos remelados que me fitaban a través da pedra e pensei que o meigallo xa tería de sobra contaxiado todo o meu corpo.

—¿E como me podería entrevistar con eles? —pregunteille a Medianoite cun pouco máis de confianza.

—Por descubríre-las caras encantadas, poderás entrar en palacio cando Lúa recolla os tules tendidos no orballo.

Medianoite levoume ó alto da torre vixía. Ó lonxe, o Rei e a Raíña, vestidos de prata, percorrían o val, as fragas e centileaban nos panos brancos das montañas. A min pareceume que debía ser emocionante pertencer a este exército nocturno de luz, aínda

---


2 Daqué: alguén.

que tan só fose por uns segundos, e non me importou que os ollos remelados me pegasen o feitizo.

E mesmo cando a comitiva real estaba a punto de cegarme cos seus resplandores, despertei supetamente coa lanceira de luz que entraba pola porta da igrexa e os berros asustados dos meus compañeiros.

Deixei que todos relatasen as súas andanzas noitaregas. Eu, polo de agora, tan só me ía conformar con mostrárllle-la enigmática cara, o escudo e a data galáctica, sen liarme con máis complicacións. Entrei coas dúas bandas na penumbra; pero ¡cal non sería a miña sorpresa ó ver que o rostro axexante desaparecera!

No seu lugar, algún chsitoso gravara a dedo sobre o po da pedra o anagrama da Panda de Soni



—¡Vaia achado! —riuse o capitán deles, entre estúpidas gargalladas.

Vendo semellante mutación, quedei coma se acabase de recibir dúas labazadas; recollin as cousas e non quixen comentar nada en todo o día. Pero como sei que ti coñeces toda a verdade estou moi tranquilo. Así que, cando queiras, volvemos un día á vella Igrexa para falar con Medianoite e recoller unha proba que deixe ós “sonis” coa boca aberta admirando a grandeza que encerra a ventaniña debrozada nas lousas.

XOÁN BABARRO GONZÁLEZ

*Relatos para un tempo novo*, Xunta de Galicia.